



Maruxiña, non te cases,
non deixe-la boa vida,
qu'eu xa vinunha casada,
chorando d'arrepentida.

Hai regueifa e mais ben grande,
asucree, mais do qu'eu penso,
ten mais trig'esta regueifa,
que o que se colle en Asenso.

Verde com'ó sebolíño
/:ei vén o burro d'Urbana
cand'ó de meu tíu creghiño:/.

Fostes sachar a Sarráns,
á casa do meu vesíño,
douch'a grasiña pró caldo
a mais tres cuncas de millo.

Quén é esa da ventana
que che fala mal de min;
dille que vaia d'ahí
qu'esa é a puta qu'eu fodín.

Se te casas con Delaira,
abufé te vales ben,
dó demo patacón debe
e dó demo raial tén.

Ti xa falas de mallar,
e non has de ser tan burro,
polas agras donde eu vin-he
ind'ó pan non'stá maduro.

Non fales mais dese conto,
e non habeis de ser tolos,
lev'ó burro a canle escuro
e mont' os de Castro todos.